

REGULAMENTO DE SERVICIOS URBANOS DE TRANSPORTES EN AUTOMÓBILES LIXEIROS

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 11.- 1. O servizo público de coches de aluguer axustarase de maneira estricta ás prescricións que se establecen neste Regulamento.

2. Serán fontes subsidiarias para calquera extremo non regulado no mesmo, o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros de 16 de marzo de 1.979, o Código da Circulación e o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Artigo 21.- Quedan sometidos ás prescricións deste Regulamento os vehículos detallados no artigo 21 do citado Regulamento Nacional, incluso as clases que agora non estean establecidas e o Concello xulgue oportuno establecer no sucesivo.

Artigo 31.- Os vehículos comprendidos no artigo anterior estarán suxeitos na orde fiscal ó imposto sobre Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica, á taxa de parada e situado na vía pública, por expedición ou renovación do permiso de conductor, autorización de situación de vehículos, recoñecemento anual e por transferencia da licenzia; neste último caso, quedarán exentos de taxas as transferencias de licenzias entre conxugues e de pais a fillos, nos casos de falecemento, imposibilidade física ou xubilación do titular da licenzia.

DAS LICENCIAS

Artigo 41.- Para o exercicio da actividade ou prestación do servizo público de aluguer con calquera dos vehículos os que se refire o artigo 21 do Regulamento Nacional, xa establecidos ou que se establezan no sucesivo, será requisito previo e imprescindible obter a oportuna licenzia do Concello.

Artigo 51.- A creación de novas licenzias polo Concello virá determinada pola necesidade e conveniencia do servizo público, e a tal efecto solicitarase informe da Comisión Delegada de Tráfico e Transportes e Comunicións da provincial de Goberno e darase audiencia ás Asociacións profesionais de empresarios e traballadores representativas do sector e ás de consumidores e usuarios por prazo de quince días.

Artigo 61.- 1. A concesión de licenzias polo Concello farase mediante súa adxudicación ós conductores asalariados solicitantes que observarán boa conduta, presten

o servizo con plena e exclusiva dedicación na profesión, acreditadas mediante a posesión e vixencia do Permiso de Conductor e inscrición e cotización por tal concepto á Seguridade Social, por rigorosa e continuada antigüidade cun mínimo de seis meses contados ata o momento en que a Comisión Municipal Permanente acorde iniciar o expediente de concesión das licencias.

2. Cando as licencias non se adxudiquen a conductores asalariados por non existir ou ben por non interesarlles, a adxudicación farase de acordo coas seguintes bases:

- a) Convocarase concurso que se tramitará de acordo co procedemento regulado na Lexislación de Réxime Local.
- b) As bases polas que se rexerá o concurso serán aprobadas polo Pleno da Corporación, a quen corresponderá igualmente a adxudicación definitiva, salvo que delegue na Comisión Municipal Permanente.
- c) Finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a lista no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que os interesados e as Asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que estimen procedente na defensa dos seus dereitos, no prazo de quince días.

Artigo 71.- 1. A licenza municipal que faculta para a prestación dos servizos públicos deberá estar estendida precisamente a nome de quen figura como propietario do vehículo no Rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico.

2. As licencias outórganse así mesmo para un vehículo determinado, non podendo, polo tanto, utilizarse outro distinto sen autorización da Alcaldía e sempre que co cambio se pretenda mellora-lo servizo.

3. Cando se outórgue polo Concello autorización para aplica-la licenza a un novo vehículo en substitución do primitivo, quedará automaticamente anulada a que tiña concedida o coche retirado do servizo.

4. A venda do vehículo polo titular da licenza implicará a anulación desta, salvo o caso de substitución por un novo vehículo nun prazo de tres meses coa correspondente autorización municipal.

Artigo 81.- Para poder ser titular dunha licenza de auto-turismo, así como para obter o permiso municipal de conductor, ó establecerse neste Regulamento o desempeño persoal e directo do servizo, requirírase:

- a) Estar en posesión do carné de conducir da clase C) ou superior, conforme ó

Código da Circulación.

- b) Ter unha residencia mínima de dous anos no Municipio, figurando empadroado con dita antigüidade.
- c) Carecer de antecedentes penais.
- d) Observar boa conducta.
- e) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto físico que lle impida-lo desempeño do servicio.
- f) Reunir cantos outros requisitos determine o Código da Circulación ou a Dirección Xeral de Tráfico con carácter xeral.

Artigo 91.- Non poderán obter a licencia para o exercicio da Industria de Auto-Turismo:

- a) O Alcalde e Concelleiros durante o período do seu mandato, nin os funcionarios municipais, así como seus conxugues e descendentes en liña directa de uns e outros, amenos que estes últimos se atopen emancipados e gocen de independencia económica respecto dos mesmos.
- b) O Persoal, Xefes, Oficiais, Clases de Tropa e soldados ou Axentes da Policía de Tráfico que se atopen en activo.

Artigo 101.- En ningún caso poderá concederse mais de unha licencia á mesma persoa ou titular, salvo as excepcións previstas na Lei.

Artigo 111.- Os titulares das licencias virán obrigados a notificar ó Concello o nome e demais circunstancia persoais dos conductores asalariados que teñan o seu servicio, nos casos de pluralidade de licencias, incapacidades, vacacións, etc., así como a súa substitución, vindo obrigados todos eles a estar en posesión do permiso municipal de conducir.

Artigo 121.- 1. As licencias serán intransmisibles, salvo nos supostos seguintes:

- a) Por falecemento do titular, a favor do seu conxuge viúvo ou os herdeiros lexítimos.
- b) Cando o cónxuge viúvo ou os herdeiros lexitimarios e o xubilado non poden explotar as licencias como actividade única e exclusiva, e previa autorización do

Concello, en favor do conductor asalariado, tendo en todo caso dereito de tenteo calquera outro herdeiro forzoso en posesión do "Permiso local de conductor".

c)Cando se imposibilite para o exercicio profesional o titular da licencia por motivo de enfermidade, accidente ou outros que podan cualificarse de forza maior (entre eles a retirada definitiva do permiso de conducir), a apreciar no correspondente expediente, en favor dos conductores asalariados.

d)Cando unha licencia teña unha antigüidade superior a cinco anoa, o titular poderá transmitila, previa autorización do Concello, ó **Conductor asalariado** con permiso de conducir e exercicio na profesión durante un ano, non podendo o primeiro obter nova licencia no prazo de dez anos por ningunha das formas establecidas neste Regulamento, nin o adquirente transmitila de novo salvo nos supostos resinados no presente artigo.

2. As transmisións que se realicen contravindo os apartados anteriores producirán a revogación da licencia polo Concello, previa tramitación de expediente iniciado de oficio, a instancia das Centrais Sindicais ou calquera outro interesado.

Artigo 131.- 1. A titularidade das licencias municipais se perderá:

a)Por renuncia expresa ás mesmas.

b)Por incumprimento das obrigacións inherentes a aquelas nos casos que leva aparellada esta sanción.

c)Por perda das condicións persoais que motivaron a concesión.

d)Pola non prestación do servico, no prazo de sesenta días naturais, contados dende a data da concesión da licencia.

2. Nestes casos, o Concello instruirá o oportuno expediente, con audiencias das Centrais Sindicais, Asociacións Profesionais ou calquera outro interesado, que se resolverá por acordo municipal.

DAS CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVICIO

Artigo 141.- 1. Os vehículos provistos de licencia de Auto-Turismo, están obrigados a concorrer diariamente ás paradas para prestar un servico mínimo de **oito** horas, combinando entre eles o horario de maneira que aquelas se atopen en todo momento debidamente atendidas.

2. As interrupcións do servizo por causa xustificada, non excedendo a súa duración de tres días, deberán ser postas en coñecemento da Alcaldía.

3. Si se deixara de prestar o servizo sen causa xustificada, durante mais dun mes consecutivo ou dous alternativo, durante o prazo dun ano, producirase automaticamente a anulación da licenza, podendo o Concello proceder a súa nova adxudicación ou amortización, segundo proceda, previa tramitación do expediente con audiencia das persoas xurídicas e físicas a que se refire o artigo 13 deste Regulamento.

Artigo 151.- 1. O servizo de coches de aluguer, aínda sendo especificamente urbano, poderá prestarse en traxecto interurbano sempre que conte para elo coa preceptiva autorización da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia (Tarxeta V.T.).

2. Os servizos ó estranxeiro efectuaranse de común acordo entre o viaxeiro e o taxista, se ben este último non virá obrigado a realizalo.

Artigo 161.- 1. Establécese con carácter obrigatorio a tanda nocturna de urxencia, con servizo telefónico permanente.

2. O servizo nocturno de urxencia será de once da noite ata as seis da mañá e ó coche que o preste non se lle permitirán outros servizos que non sexan os de urxencia.

3. O Grupo de Auto-Turismo fixará a tanda de urxencia seguindo sempre a mesma orde rotativa.

4. Na parada, o Grupo colocará todo-los días un cartel fixando o servizo nocturno de urxencia, no que constará o nome, apelidos, dirección e teléfono do taxista da tanda e do suplente.

5. Toda-las chamadas nocturnas ós domicilios dos taxistas obríganlles a presta-lo servizo que se lles requira, sempre que se trate de casos de urxencia, e os dous taxis de garda estean de servizo; e de non podelos atender por forza maior, o requirido estará obrigado a localizar outro compañeiro para que cumpra o servizo.

Artigo 171.- 1. O horario de comidas farase en dous turnos, con obxecto de que o servizo non quede desatendido, sendo o primeiro de doce trinta (12,30) a catorce (14,00) horas, e o segundo de catorce (14,00) a quince trinta (15,30) horas.

2. Os turnos de urxencia das comidas serán designados polo Grupo, previa conformidade co Concello, de tal maneira que as paradas e os servizos estean

continuamente atendidos en debida forma. A estes efectos, terase en conta os viaxes de duración superior ás vinte e catro horas, para corre-los turnos como proceda, tendo o conductor obrigación de poñelos en coñecemento do Grupo e do Concello, aínda cando sexa telefonicamente.

Artigo 181.- 1. Será obrigatoria a prestación do servizo a cantas persoas o requiran, persoal o telefonicamente, e non poderá o conductor negarse a eles sen causa xustificada.

2. Terá a consideración de causa xusta:

a) Ser requirido por individuos perseguidos pola Policía.

b) Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ao das prazas autorizadas para o vehículo.

c) Cando calquera dos viaxeiros se atope en estado de manifesta embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, excepto nos casos de perigo grave ou inminente para súa vida ou integridade física.

d) Cando a vestimenta dos viaxeiros ou a natureza e carácter dos vultos, equipaxes ou animais dos que sexan portadores, poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.

e) Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade tanto dos ocupantes e do conductor como do vehículo.

3. En todo caso, os conductores observarán co público un comportamento correcto e a requirimento do usuario deberán xustificar a negativa ante un Axente da Autoridade.

Artigo 191.- 1. Os conductores non poderán impedir que os clientes leven no coche maletas ou outros vultos de equipaxe normal, sempre que collan na baca ou maleta do vehículo, non o deterioren e non infrinxan con elo os Regulamentos ou disposicións en vigor.

2. Os conductores poderán levar no interior do vehículo un cartel que prohiba fumar ós usuarios, sempre que se trate de servizos exclusivamente urbanos. Do mesmo modo deberán absterse de fumar os conductores se a tal efecto foran requiridos polos usuarios.

Artigo 201.- En todo caso será obrigatoria e preferente prestar os servizos que reclamen os axentes da Autoridade, de condución de feridos na vía pública e outros

análogos de carácter asistencial.

Artigo 211.- Mentres o coche estea estacionado en calquera das paradas, non poderá ser abandonado polo conductor.

Artigo 221.- Cando os viaxeiros abandonen transitoriamente o vehículo por eles alugado e os conductores deban esperar o regreso daqueles, poderán recadar dos mesmos, a título de garantía, o importe do recorrido máis media hora de espera en zoa urbana e unha en escampado, esgotada esta poderán considerarse desvencellados do servicio.

Artigo 231.- Cando o conductor teña que esperar ós viaxeiros en lugares nos que o estacionamento sexa de duración limitada, poderán reclamar destes o importe do servicio efectuado, sen obrigación da súa parte de continuar a prestación do mesmo.

Artigo 241.- Os conductores dos vehículos regulados neste Regulamento virán obrigados a proporcionar ó cliente cambio de moeda metálica, ou billetes ata a cantidade de 500,00 pesetas e, se tiveran que abandonar o coche para buscar cambio, porán a bandeira en punto morto.

Artigo 251.- En caso de accidente ou avaría que fagan imposible a continuación do servicio, o viaxeiro -que poderá pedir a intervención dun Axente da Autoridade que o comprobe-, deberá abonar o importe de tal servicio ata o momento da avaría ou accidente, descontando a baixada de bandeira.

DAS PARADAS

Artigo 261.- 1. Mantéñense as paradas existentes na actualidade, creando dúas paradas fixas por turnos, unha na Estación e outra no Paso Fronteirizo, estando a primeira atendida por dous vehículos e a segunda por un. Todo elo, sen prexuízo de que a Comisión Municipal Permanente, previos os informes que estime oportunos, poida fixar outras paradas na Vila ou no resto do Municipio. Estarán debidamente sinalizadas de conformidade co Código da Circulación.

2. Será obrigatorio nas paradas a instalación do teléfono, e o seu servicio será abonado entre todo-los taxistas, en partes alícuotas e de maneira inescusable.

Artigo 271.- 1. Nas paradas, os vehículos colocaranse en tanda por orde de chegada. Só poderán ocupar lugar na parada estando desocupados, sen que poida estar en ela xa alugados.

2. A orde de chegada na parada de Calvo Sotelo, servirá así mesmo para a orde de

saída, debendo o usuario requirir os servizos do situado en primeiro lugar.

3. A parada fixa por turnos da Estación, estará atendida por dous dos vehículos que, con situado de parada na Rúa Calvo Sotelo, resulten de establecerse a orde rotativa do servizo, reforzado polos dous seguintes. Dita tanda rotativa será fixada polo propio Grupo de Auto-Turismos. Esta parada comprenderá a obriga de atender os trens, dende o primeiro da mañá ata o derradeiro da noite, atendéndose o servizo a partir desa hora dende a parada da rúa Calvo Sotelo. Os condutores que presten os seus servizos neste turno, permanecerán o pe dos vehículos, nos que deberá permanecer visible o letreiro de "LIBRE", a que fai referencia o artigo 431.

4. A parada do Posto Fronteirizo atenderase igualmente en servizo rotativo dos da parada de Calvo Sotelo e presentarse segundo o horario da fronteira, estando reforzado polo seguinte no turno. O peche da fronteira, pasará a presta-lo servizo polo horario restante na Rúa Calvo Sotelo.

5. A Comisión Municipal Permanente fixará o número de vehículos de cada parada.

Artigo 281.- 1. Os titulares das licencias están obrigados a concorrer diariamente ás paradas cos vehículos, combinando o horario de maneira que aquelas se atopen, en todo caso, debidamente atendidas.

2. Na Estación, todo taxista está obrigado a garda-la tanda do seu vehículo e tan pronto como lle soliciten o servizo, sairá por tanda rigorosa.

DAS TARIFAS

Artigo 291.- 1. Os servizos interurbanos estarán suxeitos ás tarifas aprobadas polo Ministerio de Transportes e Comunicacións.

2. Nos supostos de "Taxis" e "Gran Turismo", as tarifas serán aprobadas pola Consellería de Industria, Enerxía e comercio da Xunta de Galicia, previo informe da Comisión de Prezos de Galicia, dependente da mesma.

3. En tódolos casos, as tarifas serán visibles para o usuario dende o interior do vehículo.

Artigo 301.- As tarifas anteriormente referidas, serán de obrigada observancia para os titulares das licencias, os condutores dos vehículos e para os usuarios.

DOS CONDUCTORES

Artigo 311.- 1. Os vehículos adscritos ó servizo público de coches de aluguer deberán ser conducidos obrigatoria e exclusivamente por quen se atopen na posesión do permiso municipal de conductor que o Concello expedirá a aqueles que o soliciten e reúnan os requisitos determinados no artigo 81 e superen as probas que a tal efecto poda sometelos o Concello.

2. Os interesados acompañarán ás súas solicitudes os documentos acreditativos dos expresados requisitos e dúas fotografías.

3. As probas de aptitude referiranse ó Código da Circulación, este Regulamento e outras adecuadas ao seu carácter. As bases correspondentes serán aprobadas pola C.M.P. e as probas efectuaranse polo tribunal que sinalen as mesmas bases.

Artigo 321.- Os permisos municipais renovarase cada dous anos no mes de xaneiro, anulándose os que non sexan presentados para cumprimentar este requisito.

Artigo 331.- O Concello poderá retirar-lo permiso municipal de conductor cando o seu titular incida nalgunha das causas seguintes:

- a) Delicto común que motive antecedentes penais ou cargos graves debidamente comprobados.
- b) Estado de embriaguez ou causar escándalos públicos.
- c) Non prestar os servizos nocturnos de urxencia.
- d) Cobrar suplementos indebidos ou prezos superiores ás tarifas.
- e) Cando conculque algunha das condicións necesarias para obtención do permiso recollidas no artigo 81.
- f) Cando así proceda como consecuencia do disposto no art. 48.

Artigo 341.- Serán obrigacións do conductor:

- a) Vestir correcta e aseadamente.
- b) Gardar absoluta corrección co público.
- c) Absterse de fumar, comer ou beber durante a prestación do servizo.

d) Non levar ó seu lado axudante ou aprendiz durante os servizos.

Artigo 351.- Os condutores deberán ir provistos dos seguintes documentos:

A) Referente ó vehículo:

1. Licencia.
2. Placa co número da licencia municipal do vehículo e a indicación do número de prazas do mesmo.
3. Permiso de Circulación do vehículo.
4. Pólizas do seguro en vigor.

B) Referentes ó conductor:

1. Carné de conducir da clase C ou superior.
2. Permiso municipal de conducir.

C) Referentes ó servizo:

1. Libro de reclamacións, segundo o modelo oficial que se aprobe.
2. Un exemplar deste Regulamento.
3. Direccións e emplacements das casas de socorro, sanatorios, comisaría de policía, bombeiros e demais servizos de urxencia.
4. Plano e rueiro da Vila.
5. Talonarios recibos autorizados polo Concello referentes á contía total percibida, das horas de espera, das saídas do territorio da xurisdicción do Ente Local, os cales poderán ser esixidos polos usuarios e comprobados nas revisións periódicas.
6. Exemplar oficial da tarifa vixente.

Artigo 361.- Os condutores, asalariados ou non, poderán disfrutar do descanso anual que sinala a lexislación vixente, non podendo atoparse, ó mesmo tempo de vacacións, máis do dez por cen dos titulares das licencias.

DOS VEHÍCULOS

Artigo 371.- 1. O vehículo adscrito ó servicio público que se regula neste Regulamento figurará como propiedade do titular da licenza no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

2. Os propietarios dos vehículos deberán concertar obrigatoriamente a correspondente póliza de seguros, que cubrirá os riscos determinados pola lexislación en vigor.

Artigo 381.- 1. Os titulares da licenza poderán substituí-lo vehículo adscrito á mesma, por outro, previa autorización do Concello, que se concederá unha vez aprobadas as condicións técnicas necesarias de seguridade e adecuación para ó vehículo.

2. En ningún caso se admitirán vehículos dunha antigüidade superior a cinco anos ou que non reúnan as características sinaladas nos artigos 40 e 41 deste Regulamento.

3. Cando se outorgue polo Concello autorización para aplica-la licenza a un novo vehículo en substitución do primitivo, quedará automaticamente anulada a que tiña concedida o coche retirado do servicio.

Artigo 391.- As transmisión por actos inter-vivos dos vehículos automóbiles de aluguer, con independencia da licenza do Concello a que estean afectos, levan implícita a anulación desta, salvo que no prazo de tres meses de efectuada a transmisión, o transmitente aplique a aquela outro vehículo da súa propiedade, contando para todo elo, coa previa autorización municipal.

Artigo 401.- Os automóbiles ós que se refire este Regulamento deberán estar provistos de:

- Carrocería pechada con portas de fácil acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade.
- As dimensións mínimas e as características do interior do vehículo e dos asentos serán as precisas para proporcionar ó usuario a seguridade e comodidade propias deste tipo de servicio.
- As portas deberán atoparse dotadas do mecanismo conveniente para accionar seus vidros á vontade do usuario.
- Tanto a porta como a parte posterior do vehículo levará o número suficiente de xaneliñas para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles,

provistas de vidros transparentes e inestables.

-No interior instalarse a necesaria iluminación eléctrica.

-Así mesmo deberán ir provistos de extintor de incendios.

Artigo 411.- Os automóviles dedicados ó servicio público de coches de aluguer deberán posuír como mínimo catro prazas útiles, sen que poidan exceder de sete, incluída a do conductor; excepcionalmente poderán autorizarse ata nove prazas para servicios en alta montaña.

Artigo 421.- 1. Os vehículos automóviles denominados "Auto-turismos", terán contaquilómetros precitado pola Delegación de Industria.

2. Non se autoriza a posta en servicio de vehículos que non foran previamente revisados acerca das condicións de seguridade, conservación e documentación pola Delegación de Industria e Enerxía e o Concello.

3. As revisións anuais dos vehículos para comproba-lo seu bo estado de seguridade, conservación e documentación, realizaranse pola Delegación de Industria e Enerxía e o Concello no mesmo día e hora, a non ser que razóns fundadas o impidan.

4. As revisións extraordinarias de vehículos ordenadas polas Autoridades antes resinadas poderanse realizar en calquera momento sen que se produzan liquidación nin cobro de taxa algunha, aínda se poden motivar, en caso de infracción, a sanción procedente.

5. Todo automóbil que non reúna as condicións técnicas de comodidade ou seguridade esixidas por este Regulamento ou outras disposicións de xeral aplicación, non poderá prestar servicio de novo sen un recoñecemento previo por parte do Organismo ou Autoridade competente, no que se acredite a reparación da deficiencia observada, polo que se lle outorgará un prazo máximo de sesenta días, conceptuándose como falta grave a contravención de elo.

Artigo 431.- Cando os vehículos se atopen desocupados levarán no parabrisas un cartel de trinta por vinte centímetros no que con letra proporcionada a tales dimensións diga: "AUTO-TURISMO = LIBRE", sen máis distintivo exterior que as placas regulamentarias cás iniciais S.P..- Nas portas levará estampado o escudo da Vila, a inscrición "Salvaterra de Miño" e o número de licencia correspondente.

Artigo 441.- 1. Os vehículos deberán ser unha vez ó ano, como mínimo desinfectados, e, obrigatoriamente, cada vez que trasladen á persoa que sofre enfermidade

infecto-contaxiosa, verificandoo neste caso por parte da persoa que contratara o servicio.

2. Os propietarios veñen obrigados a manter seus coches en bo estado de conservación, seguridade e limpeza, tanto na parte mecánica, como na que faga referencia á carrocería.

Artigo 451.- Con autorización do Concello e cumprimento dos demais requisitos legais os que houbera lugar, os titulares de licencias poderán contratar e colocar anuncios publicitarios no interior do vehículo, sempre que se conserve a estética deste e non impida a visibilidade. A publicidade no exterior do vehículo quedará suxeita ó disposto no Código da Circulación e demais normativa aplicable.

DAS FALTAS E SANCIÓN

Artigo 461.- Considéranse faltas leves:

A) Para os propietarios:

- a) Non acudir á parada ou non saír o coche a presta-lo servicio sen causa xustificada durante un prazo de tres días, nin poñelo no coñecemento do Concello, aínda con causa xustificada, cando a interrupción sexa superior ó prazo indicado.
- b) Descoida-lo aseo interior do vehículo.
- c) Non levar no coche a documentación regulamentaria, placas, distintivos, etc., previstos neste Regulamento.

B) Para os conductores:

- a) Descoido do aseo persoal.
- b) Fumar, comer ou beber dentro do vehículo cando estean de servicio conducindo viaxeiros.
- c) Incumpri-los horarios, servicios especiais, etc., así como estacioarse en lugares non autorizados.
- d) Abandona-lo coche nas paradas.
- e) Levar ó seu lado axudante ou aprendiz durante o servicio.
- f) Discusións entre compañeiros de traballo.

Artigo 471.- Considéranse faltas graves:

A)Para os propietarios:

- a) Poñer en servizo o vehículo non estando nas debidas condicións de seguridade e funcionamento.
- b) Utiliza-lo coche para seu uso persoal.
- c) Non atender debidamente a tanda ou as chamadas de urxencia.
- d) Non corrixir ou reparar as deficiencias que se lle sinalen nas revisións anuais, cando aquelas non deán lugar á anulación da licenza.
- e) Non efectua-la desinfección do vehículo nos casos establecidos neste Regulamento.
- f) A non asistencia á parada durante unha semana consecutiva, sen causa xustificada, nin poñelo no coñecemento do Concello, aínda con causa xustificada.
- g) Cometer catro faltas leves nun período de dous meses, ou dez no dun ano.

B)Para os condutores:

- a) O cobro abusivo e a esixencia de propinas.
- b) O emprego de palabras ou xestos groseiros e de ameaza no seu trato cos usuarios ou dirixidos ós viandantes ou condutores doutros vehículos.
- c) Non atender-los servizos requiridos por Axentes da Autoridade ou ós de carácter asistencial.
- d) Recoller viaxeiros en distinto Municipio ou territorio xurisdiccional da Entidade que lle adxudicou a licenza, salvo que se trate de vehículos da clase "C".
- e) Cometer catro faltas leves nun período de dous meses ou dez no dun ano.
- f) Non cumprir-las ordes concretas do itinerario marcado polo viaxeiro recorrendo maiores distancias innecesariamente para render servizo.

Artigo 481.- Considéranse faltas moi graves:

A) Para os propietarios:

- a) Deixar de prestar servizo ó público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos durante o período dun ano, salvo que se acrediten razóns xustificadas e por escrito ante a Corporación Local.
- b) Cometer catro faltas graves no período dun ano.
- c) Reiterado incumprimento das disposicións sobre revisión periódica.
- d) Non ter concertada a póliza de seguro en vigor.
- e) O arrendamento, aluguer ou apoderamento das licencias, que supoña unha explotación non autorizada por este Regulamento e as transferencias de licencias non autorizadas polo mesmo.
- f) O incumprimento das obrigacións inherentes á licenza e demais disposicións que fagan referencia á propiedade do vehículo.
- g) A contratación de persoal asalariado sen o necesario "permiso local de conducir" ou sen o alta de cotización na Seguridade Social.
- h) Usa-lo vehículo dunha clase determinada a outra diferente de aquela para a que está autorizado.
- i) Calquera outra das que deán orixe á perda ou caducidade da licenza conforme ó articulado neste Regulamento.

B) Para os condutores:

- a) Abandona-lo viaxeiro sen rende-lo servizo para o que fora requirido, sen causa xustificada.
- b) Cometer catro faltas graves no período dun ano.
- c) Conduci-lo vehículo en estado de embriaguez.
- d) Reter calquera obxecto abandonado no vehículo sen dar conta de elo á Autoridade competente dentro das setenta e dúas horas seguintes.
- e) A comisión de delitos cualificados polo Código Penal como dolosos, con ocasión ou con motivo do exercicio da profesión á que fai referencia este

Regulamento.

f)As infraccións determinadas no artigo 289 do Código da Circulación e a manifesta desobediencia ás ordes da Alcaldía nesta materia.

g)O cobro abusivo ós usuarios ou cobrar tarifas inferiores ás autorizadas.

h)Calquera outras das que deán orixe á perda do permiso municipal do conductor, conforme ó previsto neste Regulamento.

Artigo 491.- As sancións coas que se poidan castiga-las faltas tipificadas nos artigos anteriores, serán as seguintes:

a)Para as faltas leves:

-Amoestación.

-Suspensión da licencia ou do permiso local de conductor ata 15 días.

-Multa non superior a mil (1.000,00) pesetas.

b)Para as faltas graves:

-Suspensión da licencia ou do permiso local do conductor de tres a seis meses.

-Multa de mil (1.000,00) a cinco (5.000,00) pesetas.

c)Para as moi graves:

-Suspensión da licencia ou do permiso local do conductor ata un ano.

-Retirada definitiva da licencia ou do permiso local do conductor.

En todo caso sancionaranse coa retirada definitiva do permiso local de conducir, e se o conductor fose o titular da licencia, coa súa revogación, as infraccións definidas nos apartados c), e), e f) do artigo 481.

Artigo 501.- As sancións serán impostas, previo informe da Comisión de Gobernación, si se considera oportuno, por:

a)A Comisión Municipal Permanente a suspensión da licencia prevista nos supostos de faltas leves e graves.

b)O Pleno da Corporación, nos supostos de faltas moi graves.

c)A Alcaldía, nos restantes supostos.

Poderá tamén, consultarse co Xefe do Grupo, o cal poderá, pola súa parte, propoñer o castigo das infraccións das que teña coñecemento directamente ou a través de calquera dos seus afiliados.

AMBULANCIAS, SERVICIOS FUNERARIOS E OUTROS

Artigo 511.- 1. Os vehículos de particulares destinados ó transporte de persoas enfermas, accidentadas, etc. e servicios funerarios deberán obter a licenza da clase "C", á que se refire o artigo 21 do Regulamento Nacional dos Servicios Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros, de 16 de marzo de 1.979, a cal non se expedirá ata tanto non se concedera a correspondente autorización técnica-sanitaria pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

2. Os vehículos destinados a ambulancias e servicios funerarios, para poder realizar servicios de carácter interurbano han de estar provistos da tarxeta V.T. que corresponde expedir á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas da Xunta de Galicia.

Artigo 521.- Os solicitantes de licencias para servicios da Clase "C" deberán acreditar ante o Concello dentro dos trinta días seguintes ó da concesión da correspondente licenza, que figuran dados de alta como contribuíntes na licenza fiscal do imposto industrial e que teñen aberta na localidade unha oficina ou establecemento con nome ou título rexistrado para a administración dos indicados servicios.

Artigo 531.- Os titulares de licencias para os servicios de la Clase "C", non poderán prestar estes, sen estar en posesión de tres vehículos como mínimo coas licencias correspondentes que haberán de solicitar conxuntamente e con arranxo ó procedemento sinalado neste Regulamento.

Artigo 541.- As persoas físicas e xurídicas poderán solicitar libremente licencias da Clase "C", de conformidade co disposto no artigo 11 do Regulamento de 16 de marzo de 1.979.

Artigo 551.- A prestación dos servicios regulados nos artigos 35, 43 e 44 do Regulamento de Ordenación dos Transportes Mecánicos por estrada no chan urbano ou urbanizable, requirirá a expedición dunha licenza especial polo Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

10.- A plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión do artigo 17 do Regulamento Nacional de Servicios Urbanos e Interurbanos de Transportes en Automóviles Lixeiros, non serán esixibles ós actuais titulares dunha ou máis licencias, adxudicadas ou adquiridas con arranxo á normativa anterior ó Regulamento Nacional aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

10.- A competencia das materias propias deste Regulamento corresponderá ó Pleno da Corporación a creación ou supresión de licencias; á Comisión Municipal Permanente a resolución dos expedientes de concesión e transmisión de licencias e demais casos que sinale este Regulamento, e, á Alcaldía, nas demais materias. A vixilancia do seu cumprimento será encomendada ós Axentes da Policía Municipal baixo a dependencia do Xefe do Corpo.

20.- No non previsto neste Regulamento, estarase ás disposicións das fontes supletorias xa indicadas, reservándose o Concello a facultade de interpretación naqueles casos en que puidera xurdir calquera dúbida respecto á auténtica explicación do mesmo.

ANEXO Á ORDENANZA

Único.- Fixarase a tarifa de duascenas (200,00) pesetas para o servizo urbano da Estación-Posto Fronteirizo e viceversa.

DILIXENCIA.- Póñoa eu, Secretario por acumulación deste Concello, para facer constar que o presente Regulamento foi aprobado definitivamente, previo dictame da Xunta de Galicia, en sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno, o día tres de setembro de mil novecentos oitenta e dous.

Salvaterra de Miño, a 7 de setembro de 1.982.

V1 e Pce.
O ALCALDE.